


## V CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

- 
- **Tema:** as matemáticas no meu contorno. É moi sinxelo. Tan só tes que dar unha volta polo barrio, pola túa casa, por Malpica, por París, por Salou e botarlle imaxinación. A foto debe ter algunha relación coas Matemáticas. Poden ser figuras xeométricas, números, funcións, estatística... calquera cousa que se che ocorra. ¡Mira ao teu arredor, seguro que ves Matemáticas!
  - A fotografía deberá ser **orixinal**, en cor ou en branco e negro. Poderá ser tomada co teléfono móbil, cámara dixital ou calquer outro dispositivo que incorpore esta función. A técnica poderá ser convencional ou dixital, sen admitirse retoques dixitais.
  - **Poderá participar** todo o alumnado do I.E.S. Urbano Lugrís matriculado no curso 2013-2014 e cada concursante poderá presentar como máximo dúas fotografías. Os restantes membros da comunidade educativa poderán participar na exposición que se fará ao remate do concurso.
  - Para participar deberá enviarse por correo electrónico á dirección [mateiesmalpica@gmail.com](mailto:mateiesmalpica@gmail.com) ou presentar un **pendrive** aos profesores do curso co seguinte:
    - ✓ A fotografía.
    - ✓ Un escrito co título da fotografía, o lugar onde foi realizada e un breve comentario no que se explique a relación co tema da convocatoria.
    - ✓ Non olvidar os datos persoais do autor ou autora.
  - A **data límite** de entrega será o día **30 de Maio de 2014**.
  - As fotografías presentadas poderán ser utilizadas para a súa exposición pública, e as premiadas quedarán en poder do instituto.
  - O xurado estará formado por membros dos departamentos de Debuxo e de Matemáticas e o seu fallo será inapelable.
  - A participación no concurso implica a aceptación destas bases.
  - As túas profesoras de Matemáticas daranche **ata un punto** na avaliación se concursas.